



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

ANUNCIO: ACEPTACIÓN DE RENUNCIAS E ADXUDICACIÓN ÁS SEGUINTE LICITADORAS ADMITIDAS NO PROCEDIMENTO CONVOCADO PARA A ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓN PARA O USO DAS PARCELAS CON MOTIVO DAS FESTAS DA PASCUA 2017-2020.

En cumprimento do establecido na condición 9 do prego que rexe a licitación das autorizacións para o uso temporal do dominio público municipal para a instalación de atraccións feirais no Concello de Padrón con motivo das festas de Pascua 2017, 2018, 2019 e 2020, faise público que por Decreto do Alcalde 237/2017, do 3 de abril, adoptouse o seguinte acordo:

Primeiro. Avocar a competencia para adxudicar as parcelas que queden desertas por renunciar as persoas inicialmente adxudicatarias, a aquelas outras que quedaron en segunda posición en función da oferta económica presentada, polos motivos expostos no fundamento de dereito quinto.

Segundo. Aceptar as renuncias presentadas polas seguintes licitadoras ás parcelas que se indican e, en consecuencia, declarar a extinción da licenza-autorización concedida sobre as parcelas que se indican para as festas da Pascua 2017 a 2020:

ADXUDICATARIA QUE RENUNCIA	PARCELA	DATA PRESENTACIÓN RENUNCIA
GENADIEV GEORDIEV, IVAYLO	B-34	31/03/2017
GENADIEV GEORDIEV, IVAYLO	B-36	31/03/2017
GARCÍA SILVENT, RAFAEL	A-8	31/03/2017
SILVENT RODRÍGUEZ, SERVANDO	A-5	31/03/2017
SILVENT RODRÍGUEZ, SERVANDO	A-8	31/03/2017
SILVENT RODRÍGUEZ, SERVANDO	A-11	31/03/2017
CIBEIRA LABANDEIRA, CÉSAR	A-2	03/04/2017
CIBEIRA LABANDEIRA, CÉSAR	A-3	03/04/2017

Terceiro. Adxudicar as seguintes parcelas ás persoas que se indican por ter obtido a seguinte posición na licitación en función da oferta económica presentada:

PARCELA	NOVA ADXUDICATARIA	IMPORTE ADXUDICACIÓN
A-2	DOCE LIMERES, SOLEDAD	5.002,02 €
A-3	BLANCO GARCÍA, CLAUDINA	4.812,00 €
A-8	ATRACCIONES DA&L, SL	3.500,00 €
A-11	GARCÍA SILVENT, RAFAEL	9.656,00 €

Cuarto. Declarar desertas as seguintes parcelas por ter renunciado o seu adxudicatario e non terse presentado no seu día ningunha outra oferta:

PARCELA	LICITADORA QUE RENUNCIÓU	DATA PRESENTACIÓN RENUNCIA
A-5	SILVENT RODRÍGUEZ, SERVANDO	31/03/2017
B-34	GENADIEV GEORDIEV, IVAYLO	31/03/2017
B-36	GENADIEV GEORDIEV, IVAYLO	31/03/2017

Quinto. As novas persoas adxudicatarias relacionadas no apartado terceiro da presente resolución deben proceder ao pagamento do prezo de adxudicación correspondente ao exercizo 2017 da parcela no prazo máximo de 10 días naturais contados desde a publicación do anuncio de adxudicación na páxina web e, en todo caso, antes da colocación ou montaxe da instalación, na conta bancaria que se identifica a continuación debendo indicar ao formalizar o ingreso os datos que tamén se indican:

→ Conta bancaria:

Entidade	IBAN
Banco Sabadell Gallego	ES8200812281950001000309

→ Concepto: "Adxudicación Pascua-2017".

→ Nome e apelidos ou razón social.

→ DNI, NIE ou CIF.

→ Zona e número de cada unha das parcelas adxudicadas.

No suposto de que o adxudicatario non cumprimentase este pagamento no prazo sinalado declararase extinguida a autorización e procederase á adxudicación ao licitador coa seguinte oferta máis ventaxosa economicamente de acordo á listaxe realizada pola Mesa de Licitación.

Sexto. Ordenar a publicación do correspondente anuncio de adxudicación no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do mesmo (www.padron.gal) e dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e Tesourería.

Sétimo. Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Padrón, 3 de abril do 2017

O Alcalde
Asdo. Antonio Fernández Angueira

